


RABO DE NUBE



O amor de Sara Mesa

SARA MESA VOLVE CONFRONTAR AO LECTOR COS LÍMITES DA SÚA PROPRIA MORAL NUNHA OBRA AMBICIOSA, ARRISCADA E SÓLIDA NA QUE, COMA SE DUNHA TRAXEDIA GREGA SE TRATÁSE, AS PULSÍONS MÁIS INSOSPEITADAS DOS SEUS PROTAGONISTAS VAN EMERXENDO AOS POUcos

Lectura de Sara Mesa. Horas y horas de lectura. Compra de libro

VICENTE ARAGUAS

DE TODA A XENTE que narra en español últimamente (non falo, claro, dos "consagrados", entre dos que sigo a botar eu fala un Delibes, un Cela, unha Matute, ¿zulo?) ningúen como esta Sara Mesa, a quem veño segurando con interesse e adicación. Porque escribe que nindío-la, xustamente cun estilo sínxelo mais moi elaborado, desde a sínxelez; a mellor técnica, ben se sabe, consiste en que non se note. Mais detrás dese estilo hai un concepto moi vigoroso. Unha idea, un cerne, que para o caso, en Un amor, subxzac nacousa de que hai amores que, contra do dito popular, se non matan están moi a piques de facelo. E nos que a xente sufre, neste caso unha dona que

fuxindo do mundanal ruido, supónse, vai parar a unha aldea, nin sequera vila, do sur fondo celtíberico. Supónse, digo. Esta muller, coa única compañía dun can sen dono (ou case) entra no pequeno, e

reprimido, mundo da aldea. Contra dela mesma acabará tendo unha relación, arriscada ou perigosa, cun elemento que a cambio de traballo, en puridade chapuada ou chafallada,

pide amor. Sen compromiso.

A muller irá entrando no choio cal fan as moscas nas teas chantadas polo arácnidos. E ao entrar no engano irá caen-

do nas trampas do amor, ese asunto nos que o más intelixente pode acabar parvo. Algo así. Por suposto que nun lugar pequeno, cal a aldea ti pedaría anónima, presentada por Sara Mesa, hai ollos para ver e oídos que escoutan. O que fará de "Un amor" unha novela de situación, cunquela de "thriller", por más que non semella que esta fose a intención da autora. Quen a golpe de estilo, ben medido, desenrola un argumento que funciona como un reloxo de precisión. Unha maquinaria de relaxería moi axeitada que fai desta novela, que se le nun ensalmo (que ten, ademais, moito de salmo en senso lato) un dos mellores libros do ano. E que confirma a Sara Mesa como autora imprescindible no panorama actual.

E a súa novela demonstrativa de como un entorno rural pode ser moi más que agro-épica. Porque nel, nos interiores da protagonista, hai un aquél lírico que sirve como tratado de amores. E por iso o título de "Un amor", nesa sínxeleza (mais para nada previsible) é proba de que Sara Mesa nin engaña nin los engaña. Probando de que veu á literatura en español para ficar nela.

SARA MESA
Un amor



—
"A golpe de estilo, ben medido, desenrola un argumento que funciona como un reloxo"
—

LIBRO UN AMOR | EDITORIAL ANAGRAMA | AUTOR SARA MESA | PRECIO 17 EUROS.